



## XORNADAS EUROPEAS DA ARTESANÍA 2025 “TRAZOS DE UNIÓN”

### PORTAS ABERTAS NO CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

Capela de Santa María- Ronda da Muralla 140

do 3 ao 6 de abril en horario de 10:30 a 14:00 e de 17:00 a 20:00

“Traits d`union” ou “Trazos de unión” resalta os vínculos entre os artesáns e artesás e os seus territorios.

Un ano máis, o CENTRAD participa nestas xornadas abrindo as súas portas a todos aqueles que queiran ver en directo o traballo que realizan os nosos artesáns de coiro, cerámica, tear, xoguetes de autómatas de madeira e cartón pedra.

Os actos previstos para estes días levaranse a cabo na Capela de Santa María e consistirán na presentación de pequenos talleres cunha parte expositiva e outra demostrativa.

Coa ocasión da participación nestas xornadas queremos recoñecer a traxectoria profesional do artesano do coiro José Ramón Lleó Fissure “Rappa” montando unha pequena mostra que recollerá un amplo repertorio das súas mellores pezas

Os días 4, 5 e 6 de abril, durante toda a xornada terá lugar unha serie de demostracións participativas nas que o público asistente poderá interactuar e experimentar as sensacións de tocar e modelar o barro ou traballar o coiro, así como sentar diante dun tear ou dar corpo a un boneco feito en cartón pedra ou un xoguete de madeira en forma de autómata.

### DEMOSTRACIÓNS PARTICIPATIVAS:

4 de abril: Coiro “Bolboretas de coiro” con Mercedes Buján

Cerámica “La bellota mágica” con Inmaculada Díaz Cabado

Tear “Fusaiola” con Lourdes Otero Mato y Miriam Fernández Otero

5 de abril: Coiro “Tres caracoles” con Ana Novo Barreiro

Cartón pedra “Portomeñecos” con Marga Portomeñe

Autómatas de madeira: “Enxógate” con Antonio Fernández Vicenti

6 de abril: Cerámica: “Ceniza de papel” con M<sup>a</sup>Josefa Sánchez Castedo

Coiro : “LeCOOp” con Victor Manuel Montero Fernández

Coiro: “Mimacuir” con Sonia Argiz

## OS TALLERES PARTICIPANTES

### Coiro “Bolboretas de coiro” con Mercedes Buján

- *Exposición de pezas decorativas realizadas no taller*
- *Mostras de diferentes aplicacións dos trenzados en pezas acabadas*
- *Demostración participativa na que os asistentes poderán participar na elaboración dunha pequena peza (pulseira, chaveiro) e levala como agasallo.*



<https://www.instagram.com/bolboretasdecoiro>

### Cerámica con “La bellota mágica” con Inmaculada Díaz Cabado

- *Mostrario de ferramentas de uso diario*
- *Exposición de pezas elaboradas e pintadas a man.*
- *Actividade diaria do obradoiro coas diferentes técnicas*
- *Demostración participativa nas que os asistentes poderán experimentar a súa creatividade.*



<https://www.instagram.com/lbellotamagica/>

<https://www.facebook.com/macudiaz.750>

## Tear “Fusaiola” con Lourdes Otero Mato e Miriam Fernández Otero

- *Mostrario de pezas elaboradas no tear con distintos debuxos e remates*
- *Montaxe de tear de alto e baixo lizo*
- *Mostra das ferramentas empregadas no labor*
- *Demostración participativa en tear de baixo lizo*



<https://www.instagram.com/fusaiola/>

<https://www.facebook.com/fusaiola/>

## Coiro con “Tres caracoles” con Ana Novo Barreiro

- *Mostrario de diferentes tipos de peles, ferramentas, tinturas e exposición de pezas*
- *Proceso completo de elaboración dun cinto*
- *Tinguidura con muñequilla*
- *Demostración participativa de elaboración de follas de coiro na que o público poderá intervir e levar a súa folla como agasallo.*

<https://www.instagram.com/trescaracolesartesanía/>

<https://www.facebook.com/trescaracolesartesanía/>



## Cartón pedra “PortomeñeKos” con Marga Portomeñe

- Obradoiro de confección de bonecos especializado en imaxes festivas, xigantes e cabezudos, máscaras e atrezzo teatral en papel maché.
- Demostración profesional - Procesos construtivos dun cabezudo. (modelado en barro, construción de moldes, tirado de cartón, unión, lixado, revoco e pintura)
- Demostración participativa na que o público asistente poderá fabricar unha máscara en papel maché.



[www.portomeñekos.com](http://www.portomeñekos.com)

<https://www.instagram.com/margaportomene>

## Autómatas de madeira: “Enxógate” con Antonio Fernández Vicenti

### CREACIÓN DUN AUTÓMATA.

Un autómatas é un obxecto dotado dun mecanismo que lle permite moverse imitando a un ser animado.

- Fabricación dun autómatas de madeira, dende o tallado e pintado das pezas, ata a fabricación e montaxe dos mecanismos para o seu funcionamento.
- Exposición de automátas de distintos tamaños e complexidade.
- Demostración participativa para a creación dun autómatas sinxelo con materiais cotiás



<https://www.instagram.com/enxogate.artesanias/>

<https://enxogate.es/>

## Cerámica “Ceniza de Papel” con M.<sup>a</sup> Josefa Sánchez Castedo

- *Mostrario individual de ferramentas que usamos no noso día a día.*
- *Exposición e demostración dun día a día no obradoiro.*
- *Demostración participativa para a creación dunha cunca no torno e a decoración da mesma en cru*

[www.cenizadepapel.com](http://www.cenizadepapel.com)

<https://www.instagram.com/cenizadepapel/>

<https://www.facebook.com/cenizadepapel/>



## Coiro “LeCOOp” con Víctor Manuel Montero Fernández

- *Mostrario de diferentes ferramentas propias do taller*
- *Exposición de pezas*
- *Demostración de corte, cosido e terminación de diversos accesorios de coiro.*
- *Demostración participativa que o público asistente poderá elaborar unha pulseira de coiro*



<https://www.instagram.com/lecoop1960/>

<http://www.lecoop1960.com/>

## Coiro: “Mimacuir” con Sonia Argiz

- *Exposición de traballos realizados no taller*
- *Mostrario de ferramentas propias do traballo*
- *Demostración do proceso para a fabricación dun bolso*
- *Demostración participativa para a elaboración dun marcapáxinas*

<https://www.instagram.com/mimacuir/>

<https://www.facebook.com/mimacuir>

[www.mimacuir.com](http://www.mimacuir.com)



*Coa ocasión da participación nestas xornadas queremos recoñecer a traxectoria de José Ramón Lleó Fissure, un verdadeiro mestre da artesanía*

*un home cuxo talento e adicación deixaron*

*unha pegada imborrable na comunidade*

*artesa lucense, non só polo seu*

*compromiso coa calidade ,*

*senón tamén polo seu espírito xeneroso,*

*disposto a ensinar ás novas*

*xeracións a arte de traballar*

*o coiro, mantendo viva a tradición do traballo do coiro en Lugo.*

